



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA

Servizo de Presupostos,  
Estudos e A.Económica  
Sección I

ASUNTO: Expediente de modificación de créditos nº 3 de aprobación polo Pleno.  
Presuposto xeral 2014.

PROPOSTA DA PRESIDENCIA

Incoado por orde desta Presidencia o Expediente de Modificación de Créditos nº 3/2014 de aprobación polo Pleno de esta Diputación, redactado pola Sección I do Servizo de Presupostos, Estudos e Asistencia Económica, de conformidade co establecido no artigo 37 do R.D. 500/1990 do 20 de abril, sométese a ditame da Comisión informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas e posteriormente ao Pleno Corporativo para a súa preceptiva aprobación.

Tralo estudio das propostas formuladas polos responsables das distintas áreas da actividade provincial, esta Presidencia somete á consideración do Pleno Corporativo, o Expediente de Modificación de Créditos nº 3/2014 por importe de 11.288.928,53 euros. Esta aprobación permitirá dotar de máis recursos a distintos programas presupuestarios.

O detalle do expediente queda reflectido no estado numérico que consta no Anexo que se achega, onde se detallan as operacións propostas e a súa financiación, de acordo co disposto no artigo 37 do R.D. 500/1990, do 20 de abril, todo isto de conformidade coas propostas que o xustifican, e merece destacar os seguintes aspectos:

Destínanse 6.000.000,00 euros para a amortización anticipada de préstamos que ten concertados esta Deputación coas distintas entidades financeiras para dar cumprimento ao establecido no artigo 32 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade presupuestaria e sostibilidade financeira. Deste modo cancelarase o importe das débedas por operacións financeiras desta Deputación.

Inclúense dotacións presupuestarias destinadas a atender novos gastos nos seguintes ámbitos:

- Capítulo I, 14.479,29€ para a achega o Programa Europeo PARNET-TIC 2.
- Capítulo II, 32.647,63 € para atender o financiamento do programa PARNET- TIC 2 cuxo obxectivo e un espazo de cooperación territorial nos ámbitos da competitividade e innovación, o medio ambiente, o desenvolvemento sostenible e a ordenación do territorio que contribúe a reforzar a coesión económica e social na Comunidade Europea e do programa “LA IDA” que ten como obxectivo a integración a través do intercambio transnacional, dirixido a rapaces e rapazas dos concellos da provincia no 2014.
- Capítulo IV, 360.000,00 €, para incrementar as dotacións do exercicio 2014 para actividades na área de Cultura e Deportes.
- Capítulo VII, 4.881.801,61€ para o desenvolvemento da 1<sup>a</sup> Fase do Plan UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS, “DTC-93”, 4.248.313,67€ , para o PLAN DE MEDIO AMBIENTE, 150.000,00 € e para subvencións a concellos .

Este expediente de modificación de créditos por un total de 11.288.928,53 euros, financiase con Remanente de Tesourería por importe de 11.161.519,43 euros de conformidade co artigo 177 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLFL) aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo e artigos 36 e 37.2 do Real decreto 500/1990, e con Baixas noutras aplicacións presupuestarias por importe de 127.409,10 euros.

En cumprimento do disposto na normativa reguladora da estabilidade presupostaria faise constar que o plan económico-financeiro para corrixir a situación de inestabilidade orzamentaria concrétese en constatar que a única causa da inestabilidade é a utilización do remanente de tesourería para o financiamento de expedientes modificativos anteriores. Ao exposto hai que engadir as seguintes consideracións:

- A Deputación provincial ven cumplindo os obxectivos contidos na normativa sobre “morosidade” nas operacións mercantís.
- A situación da Tesourería Provincial reflíctese no arqueo do 31 de maio, que expresa unhas existencias en Fondos líquidos de 133.360.374,98 euros.
- A evolución das previsións de ingresos do Orzamento 2014 conteñen un elemento positivo ao confirmarse a ampliación do prazo de devolución das liquidacións negativas da PIE dos exercicios 2008 e 2009 e mantén a dúbida sobre o resultado da liquidación da PIE do exercicio 2012.
- No orzamento do exercicio 2014 consíguese unha dotación de 3.160.000,00 euros destinada a constitución do Fondo de Continxencia e destínase un total de 28.394.318,54 euros (8.000.000,00 + 5.000.000,00+9.394.318,54+6.000.000,00) á amortización anticipada da débeda.

Por todo o exposto, proponse ás señoras e señores deputados que adopten os seguintes acordos:

1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito nº 3/2014 de competencia do Pleno que se tramita dentro do vixente Orzamento Xeral por un importe 11.288.928,53 euros e que ofrece o seguinte resumo:

#### A) NECESIDADES E FONTES DE FINANCIAMENTO

##### A.1) Aumentos (necesidades de financiamento):

CE. Créditos extraordinarios:	4.295.440,59
SC. Suplemento créditos:	6.993.487,94
<b>Total de aumentos:</b>	<b>11.288.928,53</b>

##### A.2) Baixas (fontes de financiamento):

Remanente de Tesourería:	11.161.519,43
Baixas de crédito noutras aplicacións:	127.409,10
<b>Total financiamento:</b>	<b>11.288.928,53</b>

## B) RESUMOS POR CAPÍTULOS DE GASTOS E INGRESOS

### B.1 Resumo por capítulos do Estado de Gastos

Capítulo	Altas	Baixas
1. Gastos de persoal	14.479,29	0,00
2. Gastos correntes	32.647,63	0,00
3. Gastos financeiros	0,00	0,00
4. Transferencias correntes	360.000,00	127.409,10
5. Fondo continxencia e o. i.	0,00	0,00
6. Investimentos reais	0,00	0,00
7. Transferencias de capital	4.881.801,61	0,00
8. Activos financeiros	0,00	0,00
9. Pasivos financeiros	6.000.000,00	0,00
<b>TOTAL MODIFICACIÓN S</b>	<b>11.288.928,53</b>	<b>127.409,10</b>

### B.2 Resumo por capítulos do Estado Ingresos

Capítulo	Altas
1. Impostos directos	
2. Impostos indirectos	
3. Taxas e outros ingresos.	
4. Transferencias correntes	
5. Ingresos patrimoniais	
6. Enaxenación investimentos reais	
7. Transferencias de capital	
8. Act. Finan. Reman. Tesourería	11.161.519,43
9. Pasivos financeiros	
<b>TOTAL MODIFICACIÓN S</b>	<b>11.161.519,43</b>

2.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formulasen reclamacións, o expediente considerarase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

3.- O resumo por capítulos do devandito expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o establecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Do expediente definitivamente aprobado remitirase copia a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e a Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento do dispuesto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril e os artigos 169.4 e 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo. Tamén se remitirá unha copia do expediente a Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais para dar cumprimento ao disposto no artigo 29 do regulamento de desenvolvemento da Lei de estabilidade presupuestaria na súa aplicación ás entidades locais, aprobado polo Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro e da Lei Orgánica 2/2012 do 27 de abril de estabilidade presupuestaria e sostibilidade financeira.


4.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira e adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.

Considerar que non é necesario nin procedente no momento presente formular un Plan Económico-Financeiro sobre os ingresos e gastos definitivos previstos para o exercicio 2014 xa que as previsións actuais permiten estimar o cumprimento das normas de aplicación, salvo circunstancias sobrevidas e imprevisibles que excederan do Fondo de Continxencia dotado para o exercicio.

Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando proceda, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente.

A Coruña, 16 de xuño de 2014

O presidente,



Asdo.: Diego Calvo Pouso